

## CULTURA

O PÚBLICO PODERÁ ACCEDER SEIS DÍAS Á SEMANA E O GOBERNO DISPORÁ DE CINCO DATAS AO ANO PARA ACTOS

# Igrexa e Xunta reabren o panteón de Bonaval na véspera da protesta

A Asociación de Escritores en Lingua Galega mantén a convocatoria da marcha cívica que mañá partirá en tren dende Padrón

### REDACCIÓN

### GALICIA

cultura@xornaldegacia.com

O Panteón dos Galegos Ilustres, situado na igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval, reabrirá as súas portas ao público hoxe, a só vinte e catro horas da marcha cívica organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) como tributo a Rosalía de Castro no seu 125 cabodano e como reivindicación dun panteón "laico e aberto", en palabras do seu presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias. Farao en virtude dun protocolo de colaboración asinado onte polo arcebispo de Santiago, Julián Barrio, e o conselleiro de Cultura, Roberto Varela.

Malia a que a letra do acordo non o precisa, o conselleiro anunciou onte que o panteón estará aberto ao público seis días á semana, nas datas e horarios que o seu departamento crea máis axeitados. O que si especifica o protocolo, ao que tivo acceso Xornal de Galicia, é que o Goberno galego poderá utilizar San Domingos de Bonaval –agás a capela do Rosario e o seu cemiterio– cinco días ao ano. Un deles será o 25 de xullo; os demais fixaounha unha comisión mixta Xunta-Igrexa –dous membros por cada parte–, cuxa composición se descoñece.

Tras a sinatura do acordo, Roberto Varela destacou o "rápido" traballo previo a este protocolo e asegurou que foi "moi doado" chegar a un acordo co Arcebispo de Santiago, propietario legal deste monumento, que decidiu pechar ao público despois de que o Tribunal Supremo fallase ao seu favor un litixio co Concello de Santiago pola titularidade do templo. O protocolo deixa intacto este punto, pero atribúe á Administración os custos da súa reapertura ao público.

Hoxe, "se non hai ningunha dificultade técnica", o panteón abrirá as súas portas nunha quenda de seis días á semana, previsiblemente de martes a domingo. Como contraprestación, a Xunta, a través da Con-



O arcebispo de Santiago, Julián Barrio, e o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, onte na Xunta

OSCAR DACOSTA

## O BNG CRE QUE O "CONVENIO EXPRESS" PRETENDE "DESMOBILIZAR"

A parlamentaria nacionalista Ana Pontón cualifica de "convenio-express" o que onte subscribiron a Consellería de Cultura e o Arcebispo de Santiago para reabrir o Panteón dos Galegos Ilustres posto que, ao seu xuízo, é un convenio "claramente limitado" e responde "a un intento de enganar á cidadanía" e "desmobilizar" os distintos actos

reivindicativos que se estaban a programar en favor do uso civil deste monumento. Pontón, á espera de coñecer os termos concretos do convenio, recorda que se fala dun patrimonio recoñecido como Ben de Interese Cultural e, como consecuencia, a Igrexa está obrigada "por lei" a mantelo aberto. Pola contra, a propia Administración podería

esixilo. "Asinar un convenio destas características é, polo tanto, denigrante, pois é sinal de submisión deste Goberno aos ditados da Igrexa", apunta. Para a deputada do Bloque Nacionalista Galego, Cultura debía conseguir "non só a reapertura" senón traballar para recuperar a titularidade e garantir o seu carácter laico.

sellería de Cultura, continuará xestionando o mantemento da igrexa e do panteón, así como do Museo do Pobo Galego. A visita ao Panteón dos Galegos Ilustres incluírase tamén dentro do programa de actividades e funcionamento do museo.

### VIXENCIA DUN ANO

O protocolo asinado onte por Barrio e Varela terá unha vixencia dun ano, prorrogable automaticamente se non media denuncia de ningunha das partes con dous meses de antelación. Mentres siga vixente, a Xunta encargárase de tramitar a auto-

rización de apertura da igrexa para outro tipo de eventos particulares, sempre e cando "respecten que se trata dun centro relixioso".

Numerosas entidades políticas e sociais reivindicaron nas últimas semanas mediante manifestacións, declaracións e actos públicos a reapertura do panteón, onde se atopan os restos –ou monumentos na súa memoria– de figuras claves da cultura galega como Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

A AELG convocou unha marcha cívica en reivindicación dun panteón "laico e aberto" que partirá mañá en tren dende Padrón e rematará en San Domingos de Bonaval tras atravesar Santiago con varias paradas en memoria de Rosalía de Castro. Para o seu presidente, Cesáreo Sánchez, o protocolo "ratifica a tutela da Igrexa sobre o panteón", polo que a protesta mantén a súa vixencia. ■

www.xornal.com

Opina sobre o acordo entre a Xunta e a Igrexa para reabrir o panteón